

# 28 de Xunio: Día do Orgullo Gai

No 28 de xunio celébrase o día do Orgullo Gai por coincidir coa data de inicio da loita pola liberación gai coma tal loita. Xa que neste día do ano 1969 a policía actuou de xeito moi violento contra dos gais neoyorkinos, que se xuntaban no bar Stonewall Inn de Nova York. De ali arranca unha nova etapa da loita pola liberación gai.

Ainda que hoxe siguesenos reprimindo, nós os gais estamos orgullosos de selo. Orgullosos de expresar a nosa afectividade a quen nos guste e como máis nos guste. Pro hai xente (os que detentan o poder) que no-lo impiden porque os seus intereses económicos e políticos están basados na familia, reproductora da súa ideoloxía, que interioriza os roles (muller = pasiva, sensible, femenina; home = macho, activo, dominante). Estes roles fan que non peligre o sistema productivo e de relacións nos que está basada esta sociedade «paraíso da felicidade», sinónimo de represión, alienación, competitividade. Donde os gais e as lesbianas somos tachados de enfermos mentales, viciosos... Discrimínasenos no traballo porque somos «irresponsables e pervertidos», na escola, na rúa... Os medios de comunicación social ou nos ignoran ou nos ridiculizan, as leises marxínannos e reprimennos.

Nós queremos facer un chamamento a aqueles que a ideoloxía dominante os fai sentirse heterosexuales pra que pensen na limitación que elo supón na expresión da súa afectividade e no que subyace a elo.

Esiximo-lo dereito a que todo o mundo poida expresar libremente a súa afectividade e sexualidade, a que non se establezan categorías coma «homosexual», «travesti», «heterosexual»... porque levan implícita a marxinação.

Abogamos po-la libertade sexual.

COORDINADORA PRA ORGANIZACION DO  
MOVEMENTO GAI DE GALICIA

